

NORMAS PARA HOSTALARÍA

Os establecementos de hostalaría situados na zona da Festa Corsaria que desexen facer uso do espazo público os días 15 e 16 de agosto deberán cumprir as seguintes normas:

* Entregar por rexistro a solicitude cuberta antes do día 08 de agosto de 2025, ás 13:00h, acompañado da seguinte documentación:

- ❖ Copia do DNI da persoa representante.
- ❖ Esbozo ou fotografías que amosen as dimensións do espazo solicitado, o emprazamento e a estética, que será coherente coa temática da Festa Corsaria.

*** *Aceptar os seguintes requisitos:***

- ❖ As terrazas deberán adaptarse ao espazo autorizado.
- ❖ Todos os carteis, ambientacións (tanto interiores como exteriores), materiais deseñados e a indumentaria das persoas traballadoras deberán seguir unha estética adaptada á época histórica da festa.
- ❖ Cada local será responsable de manter en bo estado de limpeza e ornato a súa zona autorizada e non deixar ao finalizar a festa restos de materiais, lixo, nin manchas de graxa, aceite ou similares no lugar público que ocuparon.
- ❖ A montaxe poderá ser realizada dende o día 15 ás 07:00h. ata o 18 de agosto ás 08:00h. A esa hora do luns deberá estar a zona despexada de todo o material utilizado na festa, limpa e baldeada.

Lumes e grellas

* O lume farase no espazo asignado polo Concello e deberá ter as medidas suficientes para impedir queimaduras.

* Está prohibido facer lume baixo toldos, instalacións eléctricas ou calquera elemento susceptible de arder.

* As mesas terán toma de agua ou un extintor 6 Kg eficacia 21 A-113B ou dous de 3 KG.

* A zona arredor do lume deberá de estar protexido para evitar cinzas, graxas, aceites, ... co fin de protexer o chan e que permaneza limpo.

* Os responsables de cada solicitude deberán manter a zoa utilizada en perfecto estado de uso e limpeza, tanto durante as mesmas, coma unha vez recollidas as instalacións.

SOLICITUDE PARA USO DE TERRAZA DA HOSTALERÍA

Datos do solicitante:

Nome comercial: _____

Nome e apelidos da persoa representante: _____

D.N.I. /C.I.F.: _____ Nº de teléfono: _____

Enderezo: _____

Enderezo electrónico: _____

Lugar que solicita: _____

Dimensións da ocupación: _____

Observacións: _____

INTERESADO/A EN FACER LUMES E GRELLAS:

SI ☐

NON ☐

PARTICIPA NO CONCURSO DE DECORACIÓN E AMBIENTACIÓN:

SI ☐

NON ☐

COMPROMISO DE COLABORACIÓN:

O solicitante asume o coñecemento das normas de participación e que no caso de non respetalas, o Concello poderá excluír a solicitude ou ben retirar os elementos non autorizados durante os días da Festa Corsaria.

Sinatura:

Marín, a ____ de agosto de 2025